



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 24 DE MARZO DE 2026**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e tres minutos do día vinte e catro de marzo do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 5 DE MARZO DE 2026 E SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE MARZO DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión extraordinaria celebrada en data 5 de marzo de 2026 e da sesión ordinaria en data 10 de marzo de 2026, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria realizada en data 5 de marzo de 2026 e da sesión ordinaria realizada en data 10 de marzo de 2026.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:



- Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica da excma. Deputación provincial da Coruña, Resolución da Presidencia número 2026/8990, de data 6 de marzo de 2026, pola que se procede a aprobar a concesión definitiva das subvencións do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (F0023B/2026). BOP número 48, de 12-03-2026.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 6 de marzo de 2026 ao 18 de marzo de 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 187/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 233/2026, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
187/2026	06-03-2026	Nomear como técnica A2 de xestión de administración xeral, subescala técnica, clase técnicos medios, e adscrita ao departamento de Cultura, a RAP, por acumulación de tarefas e por un período de nove meses, de conformidade co artigo 23 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
188/2026	06-03-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de marzo de 2026
189/2026	06-03-2026	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Estorrentada, parroquia de Cambre. Solicitante: MªJRP
190/2026	06-03-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 24/10/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza reguladora, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: ABC
191/2026	06-03-2026	Considerar desistido a JAR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 11/12/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
192/2026	06-03-2026	Considerar desistida a LMC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 10/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
193/2026	06-03-2026	Ordenar a IBS que proceda á limpeza da maleza existente nas fincas sitas en Wenceslao Fernández Flórez, Cambre
194/2026	06-03-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo



		restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AKRM
195/2026	09-03-2026	Designar a FMGN, técnico de administración xeral, en funcións de xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, como membro da Comisión de garantías da avaliación do rendemento e do desempeño
196/2026	06-03-2026	Considerar desistido a MT da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal do artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 25/11/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
197/2026	06-03-2026	Aceptar a renuncia voluntaria de LPV á súa condición de técnica de xestión de administración xeral interina neste Concello, con efectos do 8 de marzo de 2026, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
198/2026	09-03-2026	Aprobar as facturas e gastos por importe de 103.331,17 euros
199/2026	09-03-2026	Aprobar os gastos correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xaneiro de 2026, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes por importe total de 60.649,44 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xaneiro de 2026 por importe de 16.851,29 euros
200/2026	09-03-2026	Comparecer no procedemento citado perante o Sección do Social do Tribunal de Instancia da Coruña. Plaza nº 7, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co desposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación de A Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
201/2026	09-03-2026	Designar a don Omar Gonzalo Lamela Vázquez, concelleiro delegado da Área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude, como concelleiro membro da Xunta de Goberno integrante da Comisión de garantías da avaliación do rendemento e do desempeño
202/2026	09-03-2026	Aprobar as facturas e gastos por importe de 10.017,01 euros
203/2026	09-03-2026	Autorizar a transmisión mortis causa da licenza de taxi número 6 do Concello de Cambre, xunto co vehículo co que presta servizo, Toyota Corolla, matrícula 5252-MKJ a favor de SSV
204/2026	10-03-2026	Cesar con data 12 de marzo de 2026 a auxiliar administrativa interina NFV polo transcurso do prazo máximo de tres anos establecido para a cobertura interina de vacantes, artigos 10.1 a) y 4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, e 23.2 a) e 23.3 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
205/2026	10-03-2026	Adxudicar ao Banco Santander SA a colocación de 22.000.000



		euros a un 2,035% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, o seguinte día hábil
206/2026	10-03-2026	Considerar desistida a KRM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal do artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 09/10/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
207/2026	11-03-2026	Nomear como traballadora social interina, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao grupo de clasificación profesional "A2" e adscrita á Área de Servizos Sociais, a SPO para o desenvolvemento do proxecto Lagare dirixido á inclusión residencial de persoas sen fogar, cunha duración ata o 30 de abril do 2027, de conformidade co art. 23.2c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
208/2026	12-03-2026	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2025 número 1/2026 por importe de 381.868,05 euros nas aplicacións e proxectos recollidos, por ser obrigatoria ao financiarse por importe de 381.868,05 euros con compromiso de ingreso.
209/2026	12-03-2026	Nomear a RAP técnica de xestión de Administración Xeral interina, encadrada na escala de Administración xeral, Subescala de xestión, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A-2, por exceso ou acumulación de tarefas, por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezaoto meses, de conformidade co artigo 23-2d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
210/2026	11-03-2026	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamento de xefe/a de unidade de réxime interior interino/a cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras
211/2026	11-03-2026	Considerar desistida a IFdaS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 28/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
212/2026	11-03-2026	Desestimar o recurso de reposición interposto por SLD contra a Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 73/2026, do 27 de xaneiro de 2026, pola que se aprobou a lista definitiva do concurso para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos
213/2026	11-03-2026	Nomear como persoal eventual a LNBj para o desempeño do posto de traballo de asesor de Cultura, Deportes e Xuventude cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
214/2026	11-03-2026	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe de 1100,00 euros
215/2026	13-03-2026	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso oposición, para a elaboración de relación

		de candidatos para nomeamentos de técnicos de administración xeral interinos
216/2026	13-03-2026	Considerar desistido a ALZ da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 22/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
217/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JJLL
218/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MCA
219/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMVS
220/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JCRF
221/2026	13-03-2026	Considerar desistida a MdelCBC da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 04/11/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
222/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MMP
223/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: CGN
224/2026	13-03-2026	Considerar desistida a YGF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 02/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
225/2026	13-03-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ALSC
226/2026	16-03-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de marzo de 2026
227/2026	16-03-2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3867,45 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS, técnica de xestión de administración xeral do



		Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025
228/2026	16-03-2026	Aprobar o reintegro dos fondos non xustificadas polas baixas por IT (Incapacidade Temporal) de tres traballadoras e as diferenzas nas cotizacións á Seguridade Social de dous traballadoras contratadas, a prol da Xunta de Galicia por importe de 11.027,00 euros, da subvención concedida ao Concello de Cambre, polo importe total de 64.530,20 euros, para a contratación de 5 persoas perceptoras do RISGA no exercicio 2021
229/2026	16-03-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, de data 06.03.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta e sexta do mesmo, tendo en conta os informe emitidos polo administrador do sistema informático con data 09.03.2026, polo oficial en funcións de xefe da Policía local con data 09.03.2026 e pola coordinadora de servizos sociais con data 10.03.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 85.075,06 euro
230/2026	16-03-2026	Aprobar a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para posibles nomeamentos interinos de enxeñeiros técnicos de obras públicas
231/2026	16-03-2026	Convocatoria de sesión ordinaria das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de marzo de 2026
232/2026	16-03-2026	Aprobar o pago da débeda que figura na base de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe total de 271,68 euros que corresponde a: - 134,34 euros de liquidación rectificativa de Oficio por período xullo de 2023. - 137,34 euros de liquidación rectificativa de Oficio por período agosto de 2023. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos correspondentes ós seguros sociais dos meses de xullo e agosto de 2023 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe total de 271,68 euros
233/2026	16-03-2026	Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas, así coma o pagamento de 2.543,03 euros

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo